

O Concello de Zas pon a disposición dos seus veciños un novo servizo: o



Este é un **sistema de intercambio de servizos e/ou coñecementos entre os veciños do Concello** de Zas onde a única unidade de intercambio e de valor é o tempo.

Trátase de crear un marco de **intercambio de tempo** entre as persoas que axude a **resolver problemas da vida cotiá** (axudando así a conciliación da vida familiar, persoal e laboral). Un grupo de persoas motivadas para intercambiar tempo **invirten horas en ofrecer un servizo** ou actividade e a cambio **demandan horas doutros servizos que necesiten**.

Debemos ter claro que **nin é un voluntariado** (xa que no Banco de Tempo non so damos, senón que tamén recibimos algún servizo a cambio do que ofrecemos), nin é unha forma de realizar traballos ou servizos baratos, encubertos ou remunerados.

No banco de tempo de Zas poderás atopar **servizos** relacionados con actividades da vida cotiá como:

- Axudas puntuais con tarefas escolares.
- Realización de favores domésticos.
- Axuda para xestións administrativas.
- Actividades de ocio.
- Labores de coidado ou de compañía.
- Idiomas.
- Trasmisión de coñecementos populares.
- Tarefas relacionadas co ensino de novas tecnoloxías.



A súa **dinámica** é moi sinxela:

Unha persoa particular interesada en apuntarse acude á sede do banco de tempo, a axente de tempo recibe e tomalle os datos necesarios. Unha vez conforme cas normas

de funcionamento do banco a persoa comenta que servizos está disposta a ofrecer e cales lle gustaría demandar. A partir de ahí a axente de tempo encargárase de poñer en contacto a esa persoa cos participantes do banco de tempo que nese momento poden intercambiar servizos con ela.

Polo tanto, calquera persoa inversora que estea disposta a dar unha hora do seu tempo para prestar un conxunto de servizos, recibe a cambio unha hora do servizo doutra persoa, para utilizar en beneficio propio.

Tódalas habilidades terán o mesmo valor, é decir, unha hora é unha hora, independentemente do servizo que se ofrezca ou se reciba. **Non teñen porque coincidir a persoa que da coa que recibe**, o receptor dun servizo deberá ao banco o tempo equivalente, podendo beneficiarse dese tempo calquera membro do banco.

E PODE APUNTARSE ;TODO AQUEL QUE QUEIRA!

A única condición é que estés **empadroadado no Concello** de Zas e sexas **maior de idade**.

Tratase de fomentala cooperación entre homes e mulleres, entre persoas de diferente idade e condición, entre autóctonos e recién chegados... co fin de intercambiar tempo e habilidades. Todo o mundo da e recibe e a contribución de cada un valorase por igual. Non importa a idade, sexo ou raza, todos temos algo que ofrecer.

Polo de agora temos a 14 persoas apuntadas interesadas en intercambiar o seu tempo.

QUE SE OFRECE ATA O MOMENTO?

- Ensinar a facer masaxes.
- Acompañamento ou conversa cun maior.
- Reforma puntual de carpintería ou cerrallería.
- Axudas de índole administrativa: redactar textos legais, tradución de textos ó galego, axuda na creación do Currículo, axuda para cubrir impresos a ordenador, orientación laboral...

- Recados.
- Desprazamentos puntuais en coche.
- Ensinar a calcetar ou a palillar.
- Conversa en francés.
- Axuda ca limpeza.

QUE SERVIZOS SE DEMANDAN?

- Acompañamento de persoas maiores para pasear.
- Ensinar como se fai unha horta ou xardín.
- Nocións básicas de informática.
- Compañía para xogar as cartas ou o xadrez.

Se podes dar algún servizo dos que se demandan actualmente no banco ou queres ofrecer ou pedir algo, non o dudes, acude as oficinas do Concello e apuntate.



!!!INFÓRMATE SEN COMPROMISO!!!:

Teléfono: **981.70.83.03**

E-mail: bancodetempo@zas.dicoruna.es

Ou pregunta pola **axente de tempo** na sede do Banco de Tempo:

Oficiñas do Concello de Zas, horario de **9:00 a 14:00**.

